

Nome

Data

GALICIA

Unha Comunidade Autónoma é un territorio formado por unha ou varias provincias, que teñen uns costumes, unha historia e, nalgúns casos, unha lingua propias. Nós vivimos na Comunidade Autónoma de Galicia.

INVESTIGA

Investiga e completa a seguinte información sobre Galicia, podes consultar os datos nestas páxinas web:

- [Xunta de Galicia](#)
- [Conselleiros/as de Galicia](#)
- [Turismo en Galicia](#)

1. LINGUA:

Cantas linguas oficiais existen en Galicia?

Que outras linguas oficiais, a parte do castelán, se falan en España?

2. GOBERNO: Todas as comunidades autónomas contan con varias institucións de goberno:

Un parlamento: elabora as leis da Comunidade.

Un Goberno: dirixe a política da Comunidade.

Un presidente: representa a Comunidade.


Como se chama o presidente da Xunta de Galicia?

A Xunta de Galicia está formada por varias consellerías, unha dela é a consellería de Educación, da que depende a nosa escola. Sabes como se chama a conselleira de Educación de Galicia?

3. **AS PROVINCIAS:** Galicia ten catro provincias, como se chaman? Sitúaas neste mapa:



4. **CAPITAL PROVINCIAL:** A capital de Galicia chámase
Está dentro da provincia de . Sitúa no mapa de maneira
aproximada (coloca o punto no seu lugar). Nela atopamos o Parlamento de Galicia, fai
clic [aquí](#) para velo en Google Earth.



* Imaxes extraídas do [banco de imaxes gratuíto do MEC](#)

5. **OS MUNICIPIOS:** As provincias están integradas por municipios.

Un municipio é un territorio formado por unha ou varias localidades que están gobernadas por un mesmo Concello.

Investiga:

- Como se chama o teu Concello?
- Como se chama o alcalde ou alcaldesa do teu Concello?

Lembra enviarme a túa tarefa ao correo electrónico!!